

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12638 *Real decreto 501/2019, do 30 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 1179/2018, do 21 de setembro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.*

O Real decreto 1179/2018, do 21 de setembro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas, ten como obxecto establecer a normativa básica para a aplicación en España da regulamentación da Unión Europea na devandita materia.

Coa finalidade de obter unha maior eficacia na execución dos fondos operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas cómpre realizar algúns axustes técnicos no texto do Real decreto 1179/2018, do 21 de setembro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.

O 1 de xaneiro de 2018 entrou en vigor o Regulamento (UE) 2017/2393 do Parlamento e do Consello, do 13 de decembro de 2017, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), (UE) n.º 1306/2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, (UE) n.º 1307/2013 polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común, (UE) n.º 1308/2013 polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios, e (UE) n.º 652/2014 polo que se establecen disposicións para a xestión dos gastos relativos á cadea alimentaria, á saúde animal e ao benestar dos animais, e relativos á fitosanidade e aos materiais de reprodución vexetal.

Este regulamento modificou o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, en determinadas disposicións relativas aos programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

En consecuencia, a normativa de desenvolvemento do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento e do Consello, do 13 de decembro de 2017, modificouse mediante, respectivamente, o Regulamento delegado (UE) 2018/1145 da Comisión, do 7 de xuño de 2018, que modifica o Regulamento delegado (UE) 2017/891 no que atinxe ás organizacións de produtores no sector das froitas e hortalizas, e o Regulamento de execución (UE) 2018/1146 da Comisión, do 7 de xuño de 2018, que modifica o Regulamento de execución (UE) 2017/892 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello nos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas, e o Regulamento (CE) n.º 606/2009 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 479/2008 do Consello no relativo ás categorías de produtos vitícolas, ás prácticas enolóxicas e ás restricións aplicables.

Estas novas disposicións incluíronse xa no Real decreto 1179/2018, do 21 de setembro. Non obstante, cómpre incorporar agora algunhas modificacións técnicas. Por unha parte, como consecuencia de que Comisión elaborou recentemente unha nota interpretativa sobre a reposición de fondos mutuais, cómpre modificar a normativa nacional; así como en aplicación do «Plan de medidas para o sector cítrico», como resultado da experiencia en auditorías da Comisión Europea ou, por outra parte, para mellorar a distribución dos fondos asignados.

Esta norma adecúase aos principios de boa regulación, previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, sobre os principios de necesidade e eficacia, a norma está

xustificada pola razón de interese xeral da debida aplicación do financiamento comunitario, e a mellor protección dos intereses das empresas do sector español. A adecuación ao principio de proporcionalidade cúmprese dado que se contén a regulación imprescindible para atender a necesidade antes, sen que existan restricións de dereitos ou obrigas para os seus destinatarios. A adecuación ao principio de seguridade xurídica resulta se se considera que a norma contribúe a reforzar o devandito principio, pois é coherente coa necesidade normativa citada e dota dun marco estable as empresas, para coñecer as condicións para obter as axudas aos programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas. Sobre o principio de transparencia, cúmprese pola participación ofrecida aos potenciais destinatarios na elaboración da norma a través da consulta directa ás principais entidades representativas dos intereses dos sectores afectados, dado que se realizará a audiencia pública a través da páxina web do departamento, e polo feito de que a norma define claramente os seus obxectivos. Finalmente, a adecuación ao principio de eficiencia deriva do feito de que este proxecto non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Na tramitación desta norma consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados e efectuouse a audiencia pública.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 30 de agosto de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1179/2018, do 21 de setembro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.*

O Real decreto 1179/2018, do 21 de setembro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas, modifícase da seguinte forma:

Un. No número 4 do artigo 9 engádese o segundo parágrafo seguinte:

«Así mesmo, durante as anualidades 2020 e 2021 non se poderán incluír actuacións da medida 1 do anexo IV do presente real decreto nos programas operativos que comporten un incremento da produción de laranxa, clementina, mandarina, satsuma e limón. Non obstante, de xeito motivado, a autoridade competente poderá realizar excepcións por ámbitos xeográficos, produtos ou variedades á devandita prohibición. Para iso deberán remitir un certificado á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios que xustifique que para os produtos ou variedades exceptuados non se requiren medidas excepcionais.»

Dous. O artigo 12 queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Condicións de aplicación da axuda para paliar os custos administrativos derivados da constitución de fondos mutuais e para a súa reposición.*

1. A axuda para paliar os custos administrativos derivados da constitución de fondos mutuais e para a súa reposición deberá respectar as disposicións establecidas no artigo 33.3.d) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello e no 40 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.

2. A organización de produtores deberá establecer nos seus estatutos, definidos en virtude do artigo 4.1.d) do Real decreto 532/2017, do 26 de maio, polo que se regulan o recoñecemento e o funcionamento das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas, as condicións de aplicación do fondo

mutual que deberán ser validadas pola autoridade competente no momento de aprobación do programa operativo ou as súas modificacións.

3. A organización de produtores poderá pagar a compensación do fondo mutual unicamente aos membros produtores que experimenten unha redución de ingresos sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Caída do prezo de referencia de, polo menos, o 20 % respecto á media aritmética dos últimos tres anos, ou a media quinquenal dos últimos cinco. O devandito prezo de referencia poderano definir tanto a organización de produtores como a autoridade competente de xeito obxectivo e inequívoco, de maneira independente para cada produto.

Así mesmo, esta caída medirase para o conxunto da campaña, salvo que por características propias do produto en cuestión se considere outro período válido a xuízo da autoridade competente para a definición de crise de mercado.

b) Diminución superior ao 20 % da media aritmética trienal ou da media quinquenal deste do índice definido como a relación entre o valor da produción comercializada e o volume de produción comercializada pola organización de produtores para o produto en cuestión.

4. A compensación aos membros produtores non poderá ser superior ao 70 % da perda de ingresos, entendendo como tal a diferenza entre a caída do mercado mínima do 20 % e a situación media de referencia entendendo como tal a media quinquenal excluindo o valor máis alto e máis baixo.

5. A organización de produtores poderá pagar a compensación aos membros produtores establecida no número 3 sen a autorización previa da autoridade competente sempre que a acción 6.5 do anexo IV do presente real decreto estea incluída na anualidade correspondente do programa operativo. Non obstante, no momento da solicitude da axuda para a reposición de fondos mutuais, a organización de produtores deberá xustificar ante a autoridade competente que a redución de ingresos foi de, polo menos, o 20 %, con base nun informe ao respecto fundamentado nos estados contables, facturación, contratos asinados coas entidades distribuidoras ou comercializadoras ou elementos acreditativos correspondentes que o xustifiquen debidamente a xuízo da comunidade autónoma. A devandita autoridade deberá comprobar que se cumpriron as condicións establecidas nos estatutos da organización de produtores para compensar os membros produtores correspondentes, así como o acceso democrático de todos os membros á devandita compensación se se cumpriron as condicións para iso.

6. As autoridades competentes das comunidades autónomas poderán establecer requisitos adicionais aos establecidos no presente artigo.»

Tres. O número 3 do artigo 16 queda redactado como segue:

«3. As modificacións contidas nas letras a), b), c), g) e i) do número anterior que supoñan a supresión de investimentos ou conceptos de gasto, ou na letra d) que supoñan variacións á baixa, poderán realizarse sen autorización previa, sempre que sexan comunicadas pola organización de produtores ao órgano competente como máis tarde xunto á comunicación bimestral establecida no primeiro parágrafo do número 1 do presente artigo.

As modificacións recollidas na letra i) do punto anterior que supoñan a inclusión de novos investimentos ou conceptos de gasto, na letra d) que supoñan variacións á alza, así como nas letras e), f), h), j), k), l) e m) do dito punto, precisarán a aprobación previa por parte do órgano competente e, por tanto, deberá solicitarse a súa aprobación antes da súa execución. Para iso, admitirase o fax ou calquera medio electrónico e especificaranse, se for o caso, as accións cuxo orzamento poida verse reducido.

As modificacións recollidas na letra i), unha vez que fosen aprobadas, non poderán ser obxecto de nova modificación de inclusión ou supresión durante a anualidade en curso.»

Catro. O contido da letra e) do ordinal 2.º da epígrafe B) do anexo II, do ordinal 2.º da epígrafe D) do anexo III, do ordinal 2.º da epígrafe D) do anexo VIII e do ordinal 2.º da epígrafe B) do anexo IX, substitúese polo seguinte:

« e) Para os efectos da necesaria moderación de custos, nos supostos en que as accións, as actuacións, os investimentos e os conceptos de gasto non os execute directamente a organización de produtores e sexan obxecto de contratación cun terceiro, solicitaranse tres ofertas de diferentes provedores ou calquera dos criterios establecidos para o efecto pola comunidade autónoma correspondente, en cumprimento do artigo 25.1. d) do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.»

Cinco. Na táboa do anexo V inclúese a fila seguinte:

| «Produto | Importe de axuda (€/100 kg) | |
|----------|-----------------------------|-----------------|
| | Distribución gratuita | Outros destinos |
| Arando. | 371,61 | 278,71.» |

Disposición transitoria única. *Reposición de fondos mutuais en 2019.*

En función do previsto no segundo parágrafo da disposición derradeira única deste real decreto, respecto da entrada en vigor dos fondos mutuais, as comunidades autónomas poderán establecer un prazo adecuado para que as organizacións de produtores poidan presentar modificacións nos seus programas operativos para modificar as condicións relativas á reposición de fondos mutuais presentados ou aprobados en 2019.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor e aplicación.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» salvo o número un do artigo único, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2020.

Non obstante, o número dous do artigo único aplicarase con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2019.

Dado en Madrid, o 30 de agosto de 2019.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES